



Título: Change4water

Alumnas: Antía Bellas Cheda / Irene Castro Hermida / Marta Penabad Timiraos

Curso: 1º ESO

Instituto: IES de Ortigueira

Titoras: Patricia Hermida Galán / Fátima Valadares

Resumo:

Con este proxecto nos propoñemos traballar o **ODS (Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable) n.º 6: Auga limpa e saneamento: Garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sostible e o saneamento para todos.**

A necesidade de afrontar o cambio climático, a redución da calidade dos recursos hídricos, e a gran demanda de auga dos sectores económicos, fan esencial unha transformación do modelo na xestión de este recurso vital para a saúde humana.

Algunhas das nosas propostas para facer fronte a estes problemas son:

- a aplicación dos principios da economía circular no sector do auga
- aprender acerca de que é a huella hídrica e como calculala
- coñecer mais polo miúdo os recursos hídricos do noso Concello

Descrición:

Imos traballar en 3 liñas de investigación

- Estudo do ciclo da auga, e da interacción economía circular-sector hídrico.
- Traballar acerca da huella hídrica e o seu cálculo, tanto no noso IES como nos nosos fogares,
- Realización de unha serie de determinacións de laboratorio relativas á calidade e potabilidade de diferentes mostras de augas do noso Concello.

Hipótesis:

Partiremos das seguintes hipótesis que tentaremos ir contrastando

1º) O uso axeitado e sostible do recurso natural que representa a auga, tería consecuencias directas e moi positivas na economía circular.

2º) Con unha conciencia de vida saudable e sostible, conseguiríamos reducir a huella hídrica, tanto dende o punto de vista individual, como industrial, coma como sociedade.

3º) As determinacións de laboratorio irán en 2 liñas

- comparativa de dureza e entre diferentes augas minerais
- medición das 10 impurezas mais comúns en auga, en diferentes mostras tomadas no noso Concello: bacterias, nitritos, nitratos, pesticidas, ferro, chumbo, cloro, cobre, durez e pH; coas que pretendemos confirmar a adecuade do seu emprego. Levaremos a cabo unha comparativa entre distintas mostras tomadas en explotacións de gandeiría intensiva e extensiva no noso Concello; así como a de a auga da traída tamán do noso Concello.

4º) Establecemento de unha serie de accións para mellorar a eficiencia e aplicar a economía circular.

Resultados e conclusións:

As principais conclusións extraídas do noso traballo son:

- Confirmación e concienciación no noso centro acerca da necesidade do emprego sostible da auga.

- Co coñecemento da nosa huella hídrica, chegamos a conseguir reducila e concienciar acerca da necesidade de esa redución.

- Elaboración dun listado de determinación de parámetros para diferentes augas minerais do mercado.

- Valoramos como potables e axeitadas para o consumo cada unha das mostras tomadas no noso Concello, e extraemos uns resultados en termos de %.

- Elaboración dun listado de accións para a eficiencia no emprego da auga